

Mitos e Relixión

Do triunfo da Vida

ALFREDO IGLESIAS DIÉGUEZ

Neste mes de novembro que estamos a piques de rematar, celebráronse aquí, en Galiza, festividades tan cristiás como a de Todos os Santos, a dos Fieis Defuntos e o San Martiño; festividades que, malia o verniz cristián, agochan un forte contido pagán. Velaí están, por exemplo, as conexións, directas ou indirectas, da festividade de Todos os Santos e Fieis Defuntos co Samain, a festa céltica coa que se celebra o final do estío e o inicio do inverno, ou coa morte e o achado de Osiris, un mito exipcio relacionado coa agricultura e a fertilización, tan directamente relacionados cos ciclos da vida. Neste sentido, do mesmo xeito que o Samain céltico celebra o intre no que os homes rompen as fronteiras entre o Alén e o presente e o mito de Osiris alude á esperanza dunha nova vida, con esta festividade a cristiandade celebra nestes días a esperanza da resurrección das almas.

Esta mesma vinculación de festividades cristiás coas celebracións propias doutros contextos culturais, pódese atopar noutras moitas festas propias da cristiandade, mesmo coa propia celebra-

ción do natalicio de Xesús. O Nadal, din Rosa Benigna Vízcaya e Francisco A. Vidal no libro *Dos fastos aos festexos: dos mitos á relixiosidade galega* (2009), "herdeiro directo das Saturnais romanas, pero tamén do mitraísmo, manifesta-se como unha loita contra a morte representada na data da noite máis longa do ano"; non en van, nesa data o pobo galego acendía unha fogueira -o contrapunto invernal das cacharelas estivais de san Xoán o Bautista, quen anunciaba a vinda de Xesús-, nos adros das igrexas das que retiraba un tizón para engadir ao lume das súas lareiras. Igualmente, non é casualidade que no

mes de agosto -o mes da sega-, se honre a memoria da Virxe, a nai de Xesús e, non casualmente, o contrapunto cristián da deusa Ceres, a deusa romana da agricultura. Tamén as romaxes aos numerosos santuarios sometidos á

advocación da Virxe en numerosas localidades de Galiza (Moraña, Muxía, Lalín...) para pedir a curación do corpo e da alma, tan comúns nos nosos días, teñen evidentes antecedentes no mundo pagán de antano.

O calendario da cristiandade, tamén en Galiza -por suposto-, está inzado de celebracións herdeiras dos mitos, das lendas e das crenzas precristiás nas que a vida e a luz loitan continuamente coas tebras, a escuridade e a morte: o entroido, os Maíos, o san Xoán... Esta coincidencia entre os fastos da Antigüidade e os festexos de hogaño interprétana os autores deste percorrido polas festas que se celebran na actualidade na Galiza como unha transmisión de civilización en civilización dun mesmo xeito de entender a relación entre a sociedade e a natureza, no que prevalece o triunfo da vida sobre a morte.

VIZCAYA,
Rosa/VIDAL,
Francisco A., *Dos fastos ós festexos, Ed. Txosoutos, Noia, 2009, 14€*

